

Gonzalez
Universidad
SANTIAGO

Anti-imperialismo. Federalismo internacional. Pacifismo.

(Da declaración de principios do Partido Galeguista)

A Nosa Terra

BOLETIN DO PARTIDO GALEGUISTA


Franqueo Concertado

Verbas de Xohán V. Viqueira

DIÁLOGO TRASCENDENTAL

Máis ¿qué queredes vós?
Queremos converter a Galicia de un arrabal n-un centro; facer que teña vida propia, grande, inmensa; que chegue a ser unha lumarada espiritual acesa alumendo o mundo enteiro.
¡Obra grand! Máis ¿cómo?
Para as grandes almas son as obras. ¿Cómo facelo? Co noso esforzo, que non debe coñecer límites; coa nosa vontade, para quen deben ser as tarefas infinitas; co traballo e a disciplina de todo o noso ser. ¡O porvir é para os que saben conquerilo!
¡Vaguedades! Falade en concreto. ¿Cómo servir a vosa Causa?
Sirve a Galicia o que aproveita un salto de auga, o que fai froitificar dobremente un campo, o que crea unha compañía de navegación; o que escribe un poema, pinta un cadro, abre unha escola, fai ciencia...
O home máis simple, o máis pequeno de espírito, cando na súa acción pensa n-aquel pobo que un día xurdirá na beira do Atlántico como un novo lumiar, será grande e sentirase grande. E todo esto tendo sempre presente o fin de unha Galicia nova, porque fai do que queira vivir egoistamente por si e para si! Morrerá e está de feito xa medio morto. ¡O egoísmo é o pai da morte!
¿De maneira que o voso ideal...?
¿O noso ideal? Un pobo culto, nobre, traballador, creador do máis alto que exista, n-unha terra fecunda; unha inmensa prespetiva de searas e bosques, de talleres, de portos, de poesía, de ciencia, de ideal...
Esa é a nosa Galicia do futuro.

31 Maio 1922.



En Lugo detiveron a úns cantos señores que pol-o visto negociaban coas prazas dos cursillos ao Maxisterio que alí están celebrando. Tamén en Zaragoza e Zamora sucedeu algo semellante.

Son craros síntomas dos tempos de «moralidade» i-euforia que corremos. Coidamos que si se fixera o mesmo en outras provincias non serían momentos as citadas onde se atoparían casos semellantes ou aínda máis escandalosos.

O sábado derradeiro, sin que se sepa aínda porqué, o señor Ministro da Gobernación para inaugurar a súa etapa suspendeu todol-os aitos públicos anunciados para o domingo.

Non hai dúbida que é unha elocuente maneira de demostrar o intrés do actual goberno en chegar a pacificación dos espiritos e a normalización da vida pública e constitucional.

Xa veremos si continúan estas maravillosas maneiras de normalización.

Con motivo do descenso do señor Lerroux da Presidencia do Consello ao Ministerio de Estado—do que non debeu saír máis que para a casa e así evitariáanse moitas cousas—volta a repetirse pol-os amigos do «caudillo» ese tóxico do seu «sagrificio».

Pol-o visto para eses señores o feito de que Lerroux non sexa eternamente presidente do Goberno constituíe un «sagrificio». E ademais dáse a paradoxa ridícula de que o xefe radical é con demasiada frecuencia que si está no Poder é a forza de un dos repetidos e terribes «sagrificios» que realiza constantemente por Hespaña e pol-a República.

Todo isto é tan absurdo e ridículo—ademais de falso xa que o señor Lerroux é incapaz de realizar ningún sacrificio que non esteña debidamente compensado—que é cousa de pedi que calen xa con ese disco demasiado sobado dos «sagrificios» do señor Lerroux.

Bón é o «caudillo» para sacrificarse por nada...

Esquecimonos de lle dar o pésame ao señor Millán pol-a ausencia de un ministro reformista no novo goberno.

Aínda estamos a tempo. Lamentámolo moito, señor Millán, pero non desespere. ¿Quién sabe aínda o que o Destino lle tén reservado a vosté e ao seu partido?

Pol-o de pronto vosté agora xa tén d-abondo que facer cos cursillos. ao Maxisterio.

Un xornal madrileño lembra que fai poucos días fixo cinco anos que se celebrou en Madrid aquel mitin republicán que foi un dos aitos que contribuíron o derrumbamento da monarquía.

O referido xornal reproduce párrafos dos discursos pronunciados por todol-os oradores. Máis hai unha omisión da que temos que protestar.

Non di rén de que tamén n-aquel mitin falou o señor Abad Conde que lanzou aos ventos a frase pondaliana OS TEMPOS SON CHEGADOS.

O señor Abad Conde non é un calqueira para que así se esquezan d-él. Como nos parece unha inxusticia queremos contribuir a remediala lembrando a súa gloriosa intervención n-aquel mitin.

En Madridíxose o domingo derradeiro un homaxe a Guardia de Asalto.

Un señor pronunciou unha arenga que rematou así: CARGUEN, APUNTEN, FUEGO.

Foi unha festa patriótica.

Os radicales de Santiago se traen úns líos que non hai maneira de os entender. Casi todol-os días nos ouseguían con notas oficiosas os dous bandos.

O que fai a maseira...

Continúa a cordialidade radical-cedista. Por úns postos de concelleas e deputados provinciais andan a greña todol-os días.

A cotío a prensa danos mostras da cordialidade. Unha d-elas, a derradeira de que temos noticia, é a de Huel-

A GUERRA Nacionalismo e socialismo

Coincidindo coa saída d-este número, soan os primeiros disparos. Non se poído evitar que de novo a bestia apocalíptica da guerra amostre a súa esfínxe tráxica, espantosa.

¿Qué pasará? nos preguntamos todos n-un xesto de anguria. Non se sabe pero suponse e témesse. Dubídase de que fique limitada a un confrica entre Italia e Abisinia. Pénsase nas derivacións.

O xesto de Inglaterra de manter a vixencia dos Tratados de non agresión fixeron concebir esperanzas de posibel contención—unque fose por agora—do confrica.

Non foi así e precisamente a necesidade e compromiso dos Estados no mantemento do Convenant é o que abre unha anguriosa interrogante. A posibilidade de que o teatro da traxedia non se limite a Abisinia.

Si se cumpren os artigos que comprometen a tomar medidas contra calquer Estado agresor, a extensión do confrica pode acadar caracteres insospitados e Europa non poderá librarse de sufrir as consecuencias que de tal aitude derivaríanse.

Os intrins son pavorosos. Os temores están xustificadas.

En Hespaña lóxicamente eses temores maniféstanse. Hai que falar do tema con cuidado. Máis a incertidume é crara e razonabel. Hespaña e un dos Estados firmantes. Arébase conservar unha neutralidade firme máis esa neutralidade siñífica, n-este caso concreto, o apoio—moral pol-o menos—a unha das partes belixerantes. Vese craramente no alán das zonas dereitistas en trata de conquerir unha confesión oficial de neutralidade.

Nós, galeguistas, somos por doutrina pacifistas anti-imperialistas. Sómolo ademais por talarmonos en representación, pol-o menos, espiritual, de un pobo, como o de Galicia de seu pacifista, democrata e alleo a estas contendas. Máis Galicia non pode falar por si. Pertenece a un Estado que leva a súa representación oficial. Do que ese Estado faga pende a intervención que nós teñamos que ter na situación que se derive d-este confrica que atemoriza a arestora ao mundo.

Agardemos o proceso da custión e anque no fondo das nosas concencias repunemos que poída producirse e máis aínda extenderse o confrica—provocado por ansias imperialistas que non encaixan no noso temperamento e condición—pensemos en que por non termos liberdade de iniciativa e acción poderemos ollarnos envoltos n-él con total-as consecuencias, máis ou menos importantes, que se deriven do papel que a Hespaña lle teña reservado os seus compromisos internacionais.

va onde os cedistas romperon toda crás de relacións cos radicales. O «bloque» sigue intaito.

Por virtude d-esa cordialidade, da que reina entre os mesmos radicales e d-eles cos seus aliados, o Concello da Cruña está «en cadro».

A pesares de se renovar as concellalías cubrindo incruo as vacantes que había, de 39 concelleas que compoñen a Corporación asisten as sesións somentes seis ou sete.

E o alcalde gubernativo o godo don Atanagildo desertou do posto fai meses e non se lle vé nin un pelo do seu mañífico bigote.

Euforia e... Viva Hespaña.

Orden económico-social e político

I

Elabóns
Hoxe inos camiñar en terra firme. (A realidade transcrita en verbas quixeramos que fosen istas liñas).

O centro sensitivo-motor dun pobo reside nas posibilidades que encerre para un futuro de liberdade. (Vitalidade criadora, ou personalidade diferencial entre os pobos universales).

A liberdade ou sumisión, a condiciónan éstos tres factores. (O ser ou non ser penden d-istas circunstancias internas).

Unha política racional e pacificadora fai unha sociedade equilibrada e armónica. Unha sociedade así, favorece o desenvolvemento e creación dunha economía estable.

Velahí compendiada a vida interna dun país e trazadas as posibilidades para un florecimento externo que lle poida dar personalidade no orbe.

II

Panorama de Galicia
Forza é recoñecelo. O medio en Galicia dá unha tónica aos problemas que necesitan solucións ad hoc, aplicables soio no noso caso. (Callsqueira fórmulas que non sexan feitas a medida dos nosos problemas, son utopias ou «snobismo»).

Imposicións naturais

O corpo de Galicia podémolo descompor en tres partes primordiales que nos faciliten o estudo da súa personalidade integral: vila, agro, mar.

Tanto as solucións de carácter político-social como as de contido económico que queiran levarse a istes submedios terán de ourentarse tendo como norte e guía o verdadeiro núcleo que a Natureza lles deq.

III

A vila
Nas vilas, Galicia non padece o problema moderno do industrialismo en gran escala, a diferencia do que sucede n-outros pobos. (Catalunya poñámos por exemplo).

En consecuencia. A loita de clases casi é unha ficción. (Explotador i-explotado atópanse substituídos pol-o traballador único.—Dirásemse que o traballador é xa un explotado.—Non esqueñamos o abismo que media entre o traballador de Galicia que traballa, casi sempre para si, e o d-outro país que o fai para un patrono).

Máis complica-lo é o problema político que necesita de moita limpeza e saneamento.

O agro

No agro é difícil atopar desigualdades eminentemente perceptibles.

A propiedade individual—usura ou produto da avaricia en outros países—naceu en Galicia co desexo, xustamente humano, que o home ten de vivir. ben. (D-iste xeito podemos decir que cada propietario galego é, ao mesmo tempo, un traballador «libre» da súa terra).

No orden político falta de hixiene e depuración son os males.

O mar

No mar a auga establece as mesmas condicións de iguadade que a él o manteñen en equilibrio.

Os nosos pescadores teñen patrón que vai con eles ao mar. Que «como eles» acostuma a recibir parte de pesca. Que «como eles» morre en caso de desgracia. (Teñen patrón e fai pouco escomezaron a ter patrono).

Resume vil, agro, mar

Nos tres sub-medios a existencia do burgués e do escravo, absolutos, non é verídica. (Casi todos somos produtores e consumidores das materias primas elaboradas por nós mesmos).

Non embargantes isto non é categórico. (As mesmas excepcións son as que crean os problemas. I-elas han dar orixen ao prantexamento do problema social en Galicia).

Dende outro punto de vista, a diferenza faise marcadamente sensible na capacitación para dirixir. Pero no orden espiritual endexamais poderá haber iguadade rotunda e manifesta).

IV Existencia do problema marxista nos tres sub-medios

O problema social — marxismo — dixo Marx e Engels que o había, na vila, cando se pode distinguir entre proletarios, explotados, e capitalistas, explotadores.

No agro cando as terras se atopan en máis dun 10% nas máns duns cantos acaparadores.

E, os problemas mariñeiros non foron esquencidos por Marx e Engels no prantexamento do problema social.

(Aclaración precisa)

Nós coidamos, despois de establecer comparanzas entre a realidade galega e as doutrinas teóricas de Marx, que Galicia non debe facerse marxista.

Pol-a contra. E o marxismo o que ten de galeguizarse axeitándose as características e problemas peculiares da vida galega. (Outra cousa viría a ser un «snobismo»—cañi e ridículo si pasa por Madrid; aberrado i-extranxeirizante si viñese directamente de Moscú—i-en todo intre, unha utopia como xa dixemos.

VICTORIANO BUXÁN RIVAS.

(A seguir).

A "Hespaña cañi"

Soio vendo se pode crear. Sucedeu en Pontevedra.

A inauguración solemne do curso escolar no Instituto de Pontevedra asisten autoridades civís, militares e académicas.

Vai escomezarse o acto e xa vibran os tímpanos aos acordes de «Rocio».

No xesto das autoridades militares apréciase o contento; — tanta marcha militar hastia—nos das académicas lése satisfacción e no do civil consentimento de híbrido apalearo.

Por fin éguese a falar o Director e aboga pol-a formación «del ser: cultural y superior». (Faremos constar que é de filiación radical).

Rematan os discursos con un do Alcalde que declara aberto o curso escolar en nome do Presidente da República. Non dixo nin máis nin menos, e fixo ben porque ao mellor aquilo se ahundia. (Coidamos improcedente facer constar que é da mesma procedencia).

Soan a continuación as bariles notas do himno de Pondal e ningún se pon en pé ¡Nun centro onde se aspira a educar e facer «Seres culturais e superiores»!

Finalmente o estruendo rumbo da «Carioca» incita aos estudantes a bailar ¡Si non tivesen máis educación que quenes pretenden dala!

E triste, pero certo este novo caso de anti-galeguismo.

Os comentarios serán tan variados como queiras lector.

V. B. R.

Aktividades galeguistas

Segredaría Política

Con motivo da próxima reificación do Censo Eleitoral, esta Segredaría dirixirá a todos os Grupos unha circular acompañada de instrucións con o xeto de que os Grupos Galeguistas procedan a inscrición no Censo a cantos esteñan dentro d-ese dereito e tamén a súa depuración.

Namentras non é enviada dita circular compre que para adiantar e facilitar o traballo as directivas dos Grupos fagan listas de irmáns aos que afeita a revisión e dispoñan algunhas horas do día para que por intermedio dos nosos Grupos poidan seren incluídos cantos cidadáns teñan dereito.

A Segredaría prega aos Grupos o cumprimento de estas indicacións as que seguirán outras máis concretas encol do xeito de que as altas e baixas sexan incorporadas ao Censo.

PROPAGANDA GALEGUISTA

Mañán as catro da tarde terá lugar en Beluso (Bueu) o anunciado mitin organizado pol-o noso Grupo de Bueu. Falarán n-él os irmáns Víctor Casas, Alvarez Gallego, Castelao e Gómez Román e por Izquierda Republicana, invitada a tomar parte en dito aito, o noso distinto amigo Osorio Tafall.

Resultará un mitin de fonda importancia para o que hai gran entusiasmo entre os labregos e mariñeiros de Bueu.

O día 13 terán efecto dous mitins en Cesantes e Reboreda do distrito de Redondela organizados pol-os grupos locais de Izquierda Republicana e Galeguista.

Serán estes dous mitins os primeiros de unha xeira pol-o distrito que rematará con un grandioso aito en Redondela.

Tamén o 13 fará o Partido un importante mitin en Ponte de Mera (Ortigueira) no que falarán algúns irmáns entre eles Antón Vilar Ponte, Suárez Picallo e Castelao.

En Ortigueira o galeguismo vai enraizando fortemente e ao aito do 13 seguirán outros por todo o distrito.

En Celanova (Ourense) farase tamén o 13 o mitin da F. M. G., que anunciamos aparte e no que falarán elementos das Mocidades e un membro do Partido seguramente Otero Peiray.

O MITIN DE BUEU

Non pode facerse o mitin galeguista que para mañán estaba organizado en Bueu. Non foi concedido o permiso bándose en non sabemos que cousas que ao Goberno lle sirven de pretexto para continuar a súa estúpida obra de pacificación que dixo iba comenazar. Xa se vé que cumpre a súa palabra.

Seguimos pois gozando de de enteira liberdade e non se conforma—a forza—o que non quér.

Este mitin estaba xa anunciado e tén que causar—a súa suspensión—un trastorno aos irmáns de Bueu que na súa preparación puxeron enorme entusiasmo.

Máis o mitin darase oportunamente e o Partido cumprirá cos galeguistas de Bueu o seu compromiso xa dúas veces incumplido por causas alleas a nosa vontade.



OUTRO IRMÁN QUE TRUNFA

SUAREZ PICALLO, ABOGADO

O noso querido irmán Ramón Suárez Picallo acaba de rematar a carreira de abogado en Santiago. O lúns derradeiro fixo o derradeiro exame pechando con unha magnífica nota os seus estudos.

En tres anos Suárez Picallo fíxose abogado acadando ao longo das asignaturas brillantes notas que lle confiren un título universitario demostrativo da súa fonda cultura e preparación.

Un galeguista máis que aumenta a ringleira de irmáns que trunfan pol-os seus propios méritos contribuíndo así a afirmar a valía dos homes do galeguismo.

O trunfo que Picallo acaba de conquistar é para nós un motivo de alegría fonda e considerámolo como propio. Enviamos ao entrañable irmán unha forte apertade irmandade e damos por feito que na súa carreira abranguerá longos e sonados trunfos.

Vda. de Pío S. Carrasco
(CASA FUNDADA NO 1894)

Axente Comercial de Aduanas Colexiado
FLETAMENTOS,
CONSIGNACIÓNS,
TRÁNSITOS.

VILAGARCIA
TELEGRAMAS: CARRASCO
APARTAMENTO NÚM. 3

Prelo de LA POPULAR.—Charino, Pontevedra

Segredaría de Organización

Tendo finalizado xa o mes de Setembro sinalado para a cobranza das cuotas extraordinarias nos Grupos e as ordinarias atrasadas que os Grupos teñan co Partido, esta Segredaría lembra novamente aos segredarios e tesoureiros a necesidade de proceder a súa liquidación evitando así o xiro contra os Grupos de que se falou tamén na citada circular.

Para maior facilidade nas liquidacións a Segredaría ampra o prazo deica o 15 do corrente agardando que antes de esa data todos os Grupos estarán ao corrente co Partido tanto nas cuotas ordinarias como na extraordinaria.

F. M. G.

MITIN - CONCENTRACION EN CELANOVA

Canto máis se aproisma a data do Mitin-concentración que a S. E. da F. M. G. está organizando para celebrare na vila de Celanova, máis se sinte o fervor e o entusiasmo con que están realizando os traballos, para que resulte unha cousa grande como desexamos e como debe e ten de ser. De toda a provincia asistirán excursións de mozos nazionalistas coa súa fé e coraxe ao dispor da Patria. Tamén asistirán representacións de Grupos extracomarcaes.

O AITO

O aito, como xa decíamos na circular publicada en A NOSA TERRA, comenará as cinco da tarde do día 13 do mes actual. N-él tomarán parte como oradores os irmáns, Emilio Ferreiro, (Segredario de Organización); Xosé Nogueiras, (Segredario de Propaganda); Vicente Bóveda, Segredario Técnico); Xosé Velo, (Segredario Xeral, e Francisco F. del Riego. Agardamos ademais a resposta do irmán Ila, para intervir tamén como orador.

Os mozos tragarán brazaletes cos coores da bandeira nacional. Antre orador e orador, os mozos cantarán himnos patrióticos. (Himno de Brañas, O Kaidí, Bi Armórica, etc.)

Será unha verdadeira festa patriótica e xuvenil: rebeldía e disciplina. N-ela amostremos noso anxeio inquebrantable de que a F. M. G. seña a organización de Galicia nova e auténtica, «pesando» na rúa e no agro,

coa forza da súa razón ou coa razón da súa forza. Sen escrúpulos de cólligo. Como seña; máis sempre coa ollada posta na Patria sometida.

INVITACION

Novamente voltamos a invitar a todos os Grupos, anque non sexan de comarca de Ourense, para que fagan excursións ao devandito aito, dando unha proba de disciplina e patriotismo.

Queremos a todos os Grupos para que escriban decindo o que teñen acordado encol de iso.

Compra que os Grupos que por cuestións económicas non poden organizar excursións, manden pol-o menos un ou dous delegados. ¡Todo por Galicia, nosa Patria!

Terra ceibe.

O Segredario de Propaganda

CAFÉ
GALICIA
Cantón Grande
A Cruña

Galegos:

Lede e propagade

A Nosa Terra

Historia sintética de Galicia

Por RAMON VILLAR PONTE

Prehistoria i-edade antiga

EDADE DA PEDRA

Moitas son as hipóteses formuladas encol dos primitivos poboadores da Galicia. Nos «Kjoekkenmoeddingen»—nome danés que significa restos de cocina—se acharon as siñas máis antigas da existencia do home na terra galega. Son os «Kjoekkenmoeddingen» grandes xuntoiros da terra—en castelán coñecidos co nome de *paraderos*—nos que se atopan restos de unha poboación primitiva consistentes en cunchas de mariscos, espíñas de peixes, osos, etc., e entre os que se ollan ouxetos de pedra. O Sr. Murguía fala do achádego de dous de taes depósitos na ría de Arousa—un con osos humanos—que se non puideron estudar. O Sr. Amor Meilán cita outro situado na costa da ría de Foz.

Pertencendo os «Kjoekkenmoeddingen»—moi abundosos en todo o W. da Europa—a unha época preneolítica, que unhas chamamos *epipaleolítica* e outras *mesolítica*, n-ela xeneralmente se pon a existencia dos primeiros homes da Galicia.

Como testemois da época neolítica no país noso existen vestixios de palafitos—cuia lembranza a tradición popular ven conservando nas lendas das vilas asolagadas e, ao dicire de Frankonki, aínda cicais a supervivencia no xeito de construción dos piornos—muiños de man e mámoas de incineración con utilillaxe de pedra tallada e pulida.

EDADE DO BRONCE

E relativamente abundoso o material que de esta idade se atopou na Galicia. De modo principal consiste en machados de talón e machados pranos, eisi como puñas triangulares. Moitas das numerosas xoias de ouro que se teñen atopado se non pode percisare ben a idade á que corresponden, podendo tanto pertenceren á esta como á seguinte, ou sexa á do ferro.

Cós momentos megalíticos tamén ocorre que a súa cronoloxía é algo imprecisa, pois moi ben se poden crasificaren dentro de esta idade ou dentro da denanterior: a da pedra. Con taes

momentos ocorre, asemade, que a súa autenticidade soio é segura rigorosamente—e faguendo escepción das mámoas—en dous ou tres *cromlechs* e algún altar natural, anque fique na toponimia e lembranza abundosa dos *menhires*.

Non hai seguranza tampouco pra incruir dentro da Edade do Bronce ou da do Ferro, as primeiras novas históricas que fan referencia á poboación galega. Emporiso, d-elas parece deducirse que os primeiros habitadores históricos da nosa terra foron os *ligures*, cuio orixen é incerto i-escuro de abondo, non cabendo dúbida, asegún asñalan as esculcacións i-esbigoaduras modernas, que tal pobo ven a estare espallado por todo o W. d'Europa, ocupando eisi o territorio galego, en cuia posesión precedeu ao pobo celta.

Inda que fallas de craridade, se conservan na Galicia algunhas toponimias ligures.

EDADE DO FERRO OS CELTAS

A arqueoloxía asñala na Galicia unha civilización correspondente á chamada Edade do Ferro, verdadeiramente definida e crasificada: é a *civilización dos Castros*.

Os castros eran recintos fortificados que se construían nos cumes dos montes e cuia figura era circular ou elíptica, estando doborneados xa por un sinxelo parapeto, ou xa por un parapeto dobre ou aínda triple. O seu destino, seguramente, sería serviren de acochamento ou refuxio en caso de guerra, como os *dun* irlandeses e moitos dos *oppida* galos, inda qu'eisistiron tamén castros nos que decotío moraba xente.

A mesma civilización e á mesma época, pertencen as *citánias*, qu'erán poboacións amuralladas nas que as casas compoñentes son circulares. As citánias máis notables son as do monte de Santa Tecla e do Castro de San Ciprián de Lás na nosa terra, e as de Briteiros e Sabroso no Portugal.

Asegún Vicente Risco «a civilización do castro presenta unha evolución indixena dos tipos do Hallstatt centro europeo i-é debida ao pobo que aínda hoxe constituíe o fondo da poboación galega, o pobo celta».

O pobo celta é un pobo de raza e língoa indo-europea, que asegún as máis das opinións tivo o seu punto de orixen nas ribeiras do mar Báltico. Parece sere que iste pobo s'espallou pol-o centro e sul da Europa chegando á invadire á península a que

pertencese a Galicia e findando por se afincare de un modo permanente na terra galega. O tempo do arribo do pobo celta ao territorio peninsuar, e por ende ao galego, se descoñece, pois si a maoria dos historiadores afincándose en que Hesiodo non fala de él din que non puido chegar eiquí antes do século VI (a X. C.), en troques hai que ter en conta que si a verba *Kassiteros*—coa que gregos e fenicios designaban ao estaño dende tempos atrais fose de procedencia celta, entónces tería que admitirse como cousa segura que os celtas apareceron na Galicia en tempo moito máis recuado.

Baixo o nome de *Gaules* son designados os celtas galegos na fonte antiga en que o xeógrafo romano Rufo Festo Avieno ven a se inspirare: Strabón lles dona os nomes de *Celtici* e *Callaici*. E Pomponio Mela da como colonizada por celtas á toda a Galicia, dende o Douro até os lindeiros dos astures.

A ocupación da Galicia pol-os celtas foi non soio total sinón tamén duradeira até adquirirse os caracteres de definitiva. O número dos primeiros ocupadores celtas axiña ven a se acrecentare coa chegada dos que, eispulsados pol-os iberos do centro da península, tiveron que se refuxaren na terra galega e no Algarbe. A proba máis concruinte da efectividade na posesión da Galicia pol-os celtas se atopan nos influxos marcados que encol d'ela exerceron e cuios influxos, por afincados e fortes, se non puideron esvairen, amostándose na fala, no modo de sere, nos costumes, nos caracteres étnicos e sociaes, etc. etc.

A poboación celta se achaba constituída en tribus das que as principais, escomenzando pol-o N., e indo do E., W., eran as seguintes:

Os artabros, arredor do gran golto chamando Portus Magnus Artabrorum, onde se achaban as vilas de Ardóbriga (Ferro), Brigantia (Betanzos) e Farum Brigantium (A Cruña). Aos Artabros pertencía Claudiomium. Asegún Pomponio Mela, os artabros chegaban deica os astures e n-iste caso sería tamén d'eles Mindonium (Mondoñedo). Murguía os fai chegare ao Támara (Tambre) e cita a tribu dos Brigantinos nas Mariñas, da que tamén fala Mela.

Os Nerios, dos que falan Strabón, Plinio e Mela, estaban ollando ao Promontorium Nerium (Finstererra).

Os Tamáricos, antre os ríos Sar e Támara (Tambre). A súa capital era Nocla (Noia, cicais).

Os Coeporos, chegaban dende Lucus a Iria, asegún Ptolomeu. Tiñan por capital a Lucus.

En Viveiro, os Boedios, que tiñan por capital a Lambriga, e perto d'eles os Egovarcos, os Kybarcos e os Yadones.

(A seguir).

A BANDEIRA DE GALICIA

Nota oficial do Seminario de Estudos Galegos

Con motivo da expedición do «Artabro» quereuse dar vida a baldeira retesia nada fai anos encol da bandeira galega. Como os novos animadores da cuestión aseguran que están contestes todol-as corporacións e individualidades de sona no campo histórico sobre ser a actual bandeira de Galicia a branca, o Seminario de Estudos Galegos perante esta dirección da Sección de Historia ten de manifestar reiterando un criterio sosteido dende a súa fundación que a bandeira «actual da nosa terra ten unha franxa diagonal azul sobre o fondo branco, baixando de esquerda a dereita», i-é a usada dende fai medio século pol-as colectividades de emigrados, pol-as corporacións oficiais de Galicia e por moitas empresas privadas nos produtos do mercado galego, i-a que, reconecida por todol-os galegos, endexamáis foi simbolo de partidismos.

Este criterio popular, no que o Seminario acompaña i-está acompañado por entidades de tanta autoridade como a Academia Galega, enténdese sin perxucio de que as investigacións de esta Sección de Historia acusen como enseñas simbólicas en diferentes etapas históricas duas vellas bandeiras de Galicia, roxa unha, e branca outra, ambas co escudo no seu centro, tal e como se amosan nas representacións de máis outro valor artístico da enseña galega debidas aos pinceles esgrevios de Durero e de Mengs, respectivamente; con os mesmos dereitos as duas pra seren ostentadas si somentes houbera de aterse ao pasado ao acoller un simbolo o pobo que nel quere ollarse representado.

Por esto entende o Seminario que a bandeira roxa debe seguir sendo usada, como pendón dos Concellos pra ser conducida en actos corporativos, e o uso escrusivo da bandeira branca compre reservalo pra o día en que do mesmo xeito poida ser usada pol-o orgaismo galego que xurda como continuación histórica da antiga «Junta del Reino» namentras que a actual bandeira azul e branca debe manterse no seu uso oficial e popular de hoxe como enxebre representación da Galicia actual.

Sant-Iago de Compostela, 24 de setembro de 1935.—O director da Sección de Historia, *Fermin Bouza Brey*.

O cultivo do tabaco

Fai ainda pouco tempo que os xornaes da plutocracia, nemigos de Galicia e nemigos do labrego galego, publicaron nas súas columnas longas liñas dando conta de ter chegado a nosa Terra unha comisión encargada de estudial-as posibilidades de imprantar aquí o cultivo do tabaco. Esta noticia iba seguida de outras máis longas de engado para os labregos de Galicia asegurándolles un negocio positivo si se dedicaban o cultivo de aquela pranta.

E a nós vénsenos ao caletre un conto que nos contou un amigo aragonés. Veredes o que nos dixo: Pois dixonos que tamén na súa terra apareceno un día uns individuos predicando pol-as aldeas a comenencia de adical-as terras do Aragón ao cultivo da remolacha, pois d-esta maneira os labregos aragoneses farían un bó negocio e Hespaña deixaría de mercar azucre en Cuba, mellorando eisi a economía nacional.

Os aragoneses arremangaron os brazos, cuspiro nas máns, botáronse a sementar remolacha e a Natureza deu o resto. Máis logo atopáronse con que o froito tiñan que vendelo forzosamente a un determinado comprador que era quen poñía os precios. E inda máis. Este determinado e único comprador sin competencia vendíalle forzosamente aos labregos a semente que él quería e que daba un froito de grande tamaño e de pouco peso, por onde saían dobremente perxudicados os labregos aragoneses que un día deron creto a uns individuos que viñeron a ofrecerlles o negocio de remolacha e que os xornaes da vila recalaban con letras gordas.

Esto é o que se nos ven ao caletre cando nos enteiramós de que uns amigos dos nemigos do labrego viñeron a Galicia falando da suposta comenencia de adical-as nas nosas terras ao cultivo do tabaco que logo teremos que vender forzosamente a Tabacaleira ao precio que ela queira.

XAN DO RIO

O MILENARIO DE CELANOVA

Dende os comenzos da novena centuriarenacia Galicia n-unha primaveira de cenobios que xurdían no ermo co-a homildez das carpazas e a pureza das albas froles das xesteiras.

Nas sagras ribeiras do Sil, nas bellidas orillas de Lérez, nas abas das serras esgrevias da nosa Terra agromaban novas casas de oración que co devalar dos anos habían de ser centros de riqueza e acumuladores desabencia e de arte.

O espírito do século X, século de sementeira de pobos e de decrúa de terras virxes, plasmou n-aquil grande Rudesindo Gutierre, noble de nacenencia, forte pol-as suas obras e santo pol-a vountade do pobo que, o levalo ós altares, soupo premiar os seus merecementsos contraídos na defensa e no goberno de Galicia e na fundación da fermosa vila de Celanova.

Había dous anos que en terras portuguesas morrera seu pai o ilustre conde Gutier Menendiz; xa os irmas tiñan feito partixas dos bens herdados cando no ano de 936 Froila, o irmau mais novo de Rudesindo, fixolle donación a iste de unha vila chamada Villare, situada no territorio de Búbal, e que aquil tiña herdada dos seus pais, pra que o bispó mindoniense fundase nela un mosteiro que se chamaria Cellanova i-estaría baixo o padroazgo do San Salvador. Tal é o orixe da patria de Carros Enríquez cuio milenario se cumpre no próisimo ano de 1936.

Non é cousa doada, nin que ocurra todol-os días o feito de conmemorar un milenario. Somentes os pobos de vella historia poder permitirse iste luxo, e Celanova, tan celosa das suas glorias, está na obriga de conmemorar solememente a data do seu milenio.

Xa pasa de tres anos que lle brindei esta idea o Seminario de Estudos Galegos que a acolleu garimosamente e ofreceuse a prestar a súa axuda valiosa. Moitos dos proietos que por aquil entón se fixeron non se podrán levar a ramo, non somentes pol-a falla de meios económicos da entidade cultural de maior solvencia de Galicia e que menos protexida está pol-os seus fillos, sinon tamén pol-as irreparables perdas que insignes colaboradores que se encargaran de cumplilos. Non embargante, o feito de estar ó frente do Seminario home tan ligado a Celanova como don Luis Iglesias, e a importancia da data que se quer conmemorar, son feitos que abondan pra contar por adiantado coa colaboración de tan importante centro científico.

Si o pobo de Celanova, e no seu nome os seus representantes, se deciden a conmemorar tan importante data, podráse chegar a facer, dentro da catividade dos meios de que se dispón, unha festa que sexa ó mesmo tempo que o espoñente dos valores galegos a expresión do xúbilo e do agradecemento dos celanovenses ó seu fundador e padrón Rudesindo Gutierrez.

A idea queda lanzada, agora que a recollan os intrasados e agardemos pra ver si xermola.

BEN-CHO-SHEY.

VIEIROS

En difrentes vegadas, o irmán Obella, fixo presente a consideración do Partido, un proieto de creación d-un orgaismo consultivo e deliberante, pra que os problemas que a autonomía ten de prantexar, no momento en que fose acadada pra nosa Terra, tivesen inmediata solución, sin ter que pasar pol-a necesidade d-un detido aprazamento, patentizando a imprevisión dos homes que fosen encargados da administración e xerencia dos nosos intereses públicos.

A importancia do referido proieto do irmán Obella non é preiso destacala. A máis de isa garantía que suporia pra confianza das xentes do noso país, o que as persoas de máis outa solvencia moral e intelectual, vivisen coa preocupación cotián dos temas que vertebran a economía social de Galicia, profundizando nas suas causas e remedios, estudiando as solucións máis en consonancia co-as características fundamentaes da nosa idiosincrasia, tería tamén a realización do devandito proieto, unha fecunda eficacia de educación cidual, porque permitiría, contribuíndo poderosamente a tal finalidade, que as crases populares do noso país, os estratos básicos da nosa poboação, fosen aleccionándose no mellor conocimiento das propias aspiracións, tendidas ao logro do seu perfeicioamento material e moral.

En isto como en moitas outras cousas, Galicia debería seguir o exemplo de Cataluña, ise pobo admirabel no que o esprito de cidualanía ten unha floración de lozanía puxante. Na rexión catalán, de consciencia verdadeiramente nacionalista, de esencia liberal e democrática, con verdadeiro senso histórico dos seus destiños, con intima responsabilidade do seu actuar, en todol-os aspectos da súa vida, síntese fondamente a preocupación de ir preparando o camiño do porvir, capacitándose no estudo dos seus básicos problemas, pra que as resolucións que teñan de adoptarse no mañán, por consecuencia necesaria e obrigada da súa peculiar orgaización, esteñan respaldadas e garantizadas por un concimemento craro e comreto das cuestións, e teñan a seguridade indefeñible que dá sempre a meditación prolongada e a discusión sérea e controlada.

A tal preocupación responde a creación do Grupo d'Estudos e Plans Sociais e Económicos d'E. R. de C., denominada tamén, en signatura abrevial, el «Gepse», que ten como finalidade, construír un órgano permanente de Esquerri republicán de Cataluña, pra o estudo dos problemas de carácter económico e social que se prantean na actualidade ou que lle demenden os orgaismos directores do Partido, e formular o plan económico e social comreto de Esquerri Republicán de Cataluña e, no seu defeito, un programa de realización inmediata que poida dar efectividade en este aspecto aos principios básicos do Partido.

Os capídus que comprende a área do traballo do «Gepse» son todos intrasantísimos e d-unha importancia cardinal, da que darán ideas as seicións seguintes: Agricultura, Industria e Minería, Comercio interior e exterior, Banca e Crédito, Servicios públicos e Transportes, Organizacións económicas e nacionalización, Obras públicas, Finanzas públicas e Tributación, Cooperación, Mutualidade e Seguros, Sindicatos e Corporación, Hixiene e Asistencia social, Cultura e Educación social, Lexislación obreira, Réxime agrario, Orgaización industrial, Intervención económica do Estado, Municipalización, Previsión económica e conxuntura, Orgaización sindical, Costo da vida: presuposto e habitación do obreiro, Utilización dos desocupados, etc.

Pertenerán como membros da

«Gepse», todos os afiliados ao Partido de Esquerri Republicán de Cataluña que a tal efecto o soliciten e queiran cooperar as súas tarefas, aínda que poderán solicitarse aquelas colaboracións técnicas que se consideren eficaces de persoas alleas ao Partido.

As seicións poderán formar ponencias de un ou de máis membros, que se encarreguen do estudo de puntos concretos; pero cando non se rinda o traballo suficiente, poderán substituírse os nomeados, por outros afiliados a mesma seición.

Como se vé pol-o que dito se leva, Cataluña, atende con todo coidado a capacitación dos que poden chegar a ser os seus homes representativos. Por eso obsérvase nos cataláns esa preparación rexá e ben documentada que os fai aptos para as empresas a que adican as súas enerxías. En calquer aspecto que se considere, o catalán é un home de certa superioridade en inmillorabels condicións para defensa no combate do vivir, pol-a súa formación integral e conscente, pol-a previsión certa da súa finalidade. En todo, como na política, entendida n-ese xeito de elevación que practican as xentes da aristocracia intelectual.

Galicia té, unha vegada máis, que adprender de Cataluña os roteiros seguros e afirmados do trunfo. Para que a súa personalidade poida determinarse profundamente, é preciso que busque nas fontes do estudo dos seus cardinaes problemas, a súa eficiencia de futuramente.

FALCOEIRA

O Duque meteuse a labrantin

Aquel Duque que na monarquía de tan tristeira memoria, pol-a cantidade de negocios sucios, e monopolios, que convertiron o hespañol n un cidualano de calquer tribo do interior da África, e que entón chamouse do Infantado, fíxose labrego e así o destacan os diariés. Alega ista razón ante os tribunales de xusticia, para lanzar a gran número de colonos que ten nas decenas de caserios de Guipúzcoa, para logo alugarllos a quen pague máis que eles, que non teñen máis pecado que de pais a fillos, pasarse os instrumentos de labranza, e descender de varias xeneracións nadas nistas terras.

«Claridade» pregúntalle que pensan disto aos propugnadores do nacionalismo vasco.

A Galicia ten un problema como iste: o das rendas que nunca se lles deu resolto. Aquiles deben ser donos d-unha terra na que nasceron seus abós, e estes xa é hora de que deixen de pagar un tributo, que é unha inxusticia. Pois ben; uns tribunales acordarán o lanzamento dos colonos vascos, o paso que os labregos galegos verán, que as súas rendas lonxe de extinguirse, adquiriren carácter de xuricidade, sin dúbida para poder executalos millor.

Dende estas liñas nós dimos fai días un aviso, da política das nosas dereitas. Temos que desengañarnos vascos e galegos, soio un moimento como o republicán facerá dono da terra a

(Remata na páxina 4)

Gran Fábrica de Cervezas

A BARXA

TIPOS:

DOURADA
MUNICH (Negra)

E FABRICADA EN GALICIA

PREFERILA AS DÊMIS E LABOURAR POL-O ENGRANDECIMENTO D'A NOSA TERRA.



MANOEL GÓMEZ ROMÁN
Arquiteito
Vigo

VALENTIN PAZ-ANDRADE
Abogado
Vigo

XERARDO ALVAREZ GALLEGO
Abogado e Procurador
Vigo

ANTÓN PIN'OS MIGUEZ
Médico
Baión

DISPONÍBRE

COLEXIO LEON XIII
VILAGARCIA

FRANCISCO Barreiro Salaño
Perito Agrícola
Santiago

R. GONZALEZ PASTORIZA
Abogado
Vigo

IMPERMEABILIZANTES WATERSTOP

UNICO EFICAZ PRA EVITAR A HUMIDADE E O SALITRE NAS CONSTRUCCIONS

Mais de CINCOENTA anos de experiencia no saneamento de construccions e impermeabilización das mais importantes obras hidráulicas.

REPRESENTANTES EN TODAL-AS VILAS DE GALIZA

Pida detalles e foletos:

PRODUCTOS WATERSTOP

Axencia xeral pra Galiza:

Porta da Pena, 6. - SANTIAGO

Redacción-Administración:

Rúa de Tetuán, 2-1.º - Pontevedra

SUSCRICIÓN: 3 pesetas semestres. Pago adelantado.

Número solto: 10 cts.

A nosa terra

semanario do partido galeguista

Año XIX

Galicia, 5 de Outubro do 1935

Núm. 385

Declaración de principios do P. G.

- I. Galicia, unidade cultural.
- II. Galicia, pobo autónomo.
- III. Galicia, comunidade cooperativa.
- IV. Galicia, célula de universalidade.

DO MOMENTO

Ningún dos que levamos anos e anos, dende o seu comenzo, metidos de cheo e adicando día por día todo o noso traballo, de máis ou menos importancia, ao galeguismo perdidos rén, ausolutamente rén de pureza nacionalista. Están totalmente trabucados os que poden coidar o contrario por nos ollar arestora adicados—na súa maor parte—a unha laboura de carácter político.

O tema está tratado xá e coído que suficientemente craro máis poidera haber quen aínda non soupo interpretar nidiamente o intre actual nin as causas da nosa aitividade do momento.

Unha política galeguista, como a que realiza o noso Partido, non está, nin moito menos, rifada coa máis pura ortodoxia nacionalista. E, simplemente, unha faceta na que nós temos que intervir para acadar un trunfo no camiño da galeguización da nosa Terra.

Tense demostrado que non abonda somentes a laboura de tipo cultural para conquistar a finalidade integral do noso traballo patriótico. Ninguén, aínda o máis político de nós, nega a eficacia da laboura cultural. Máis non abonda. E unha obra lenta que non chega a todos e cujos resultados de eficacia non se poden deixar sentir coa rapidez que compre que arelemos na tarefa de recreación total de Galicia.

Por outra parte, Galicia necesita unha política propia, de seu, que loite por impoñerse en loita coa que lle impuñeron e siguen impoñendo dende fora. Si no orde cultural, do espírito, vimos traballando e conquistando trunfos, anque lentos, compre tamén non abandonar a tarefa política que ademais de ser a que n-este intre apasiona e interesa máis as xentes é a que pode abrir para Galicia xurdias posibilidades. Abonda somentes pensar no que para Galicia significaría, en todos os órdenes, unha conquista de tipo político como é a autonomía. Non é mester razonar esta tese para que calquer galeguista ou nacionalista olle de contado as grandes ventaxas que reportaría o seu conqnerimento.

Non estaríamos volcados por enteiro na realidade galega, como é o noso deber, si negáramos importancia ao cultivo de unha política auténticamente nosa. Unha política galega que xá é d-abondo pero aínda máis unha política galeguista que é a que o Partido realiza sin menoscabo da súa pureza ideolóxica e de conducta. Tanto do Partido como dos homes que a él pertencemos.

Certo que a política téñ os seus aspectos que xugados superficialmente e con criterio estreito, froito de un concepto trabucado, semellan para algúns negar pureza a unha ideoloxía. E nada máis lonxe da realidade. Unha política como a que practica o noso Partido non somentes non é unha negación de nacionalismo sinón que, pol-o contrario, representa unha afirmación constante, cotián, coa ventaxa de que chega facilmente a zonas populares que non podería endexamáis chegar unha laboura galeguizante carente de forte e acusado senso político.

En ningún intre—nin siquiera n-aqueles que a política impón de convivencia con sectores políticos distintos pero coincidentes n-algún punto concreto—o Partido deixa de afirmar a súa aspiración maximalista. Pero a política é realidade, é non camiñar a tolas, máis aínda n-unha terra como a nosa que non téñ desenrolado un concepto político auténticamente propio. Nós, somentes nós—os inimigos naturalmente non o van a facer—temos a obriga de crealo si queremos aitar eficazmente na nosa misión patriótica.

Proba d-elo é que cando o Galeguismo non era outra cousa que unha aituación esporádica, sin o necesario avencellamento, no orde cultural—ao que non todos podiamos contribuir eficazmente—os inimigos reíanse de nós. Non nos tomaban en serio. Naturalmente tiña que ser así porque, inocentemente, lles deixábamos libre o camiño político dende o que disparaban contra Galicia con segura puntería. Agora xá é distinto. Agora nos persiguen, nos teñen medo e nos fán ouxeto de toda crás de aldraxes. Simplemente por que se decatan da importancia da nosa aituación. E por si fose pouco nos chaman, a voz en grito, separatistas. O cal debe servir para que os nacionalistas puros, non políticos ou excéuticos, se decaten de que o galeguismo político está inzado da máis pura esencia nacionalista.

Si a esto—e a outras razóns que aínda poderíamos expoñer—engadimos que precisamente o Galeguismo, na súa totalidade, está afortunadamente plétórico de homes que poden, e o fán, adicar o seu esforzo a traballar en todos os aspectos galeguizantes, teremos xustificada sobradamente a necesidade e razón de adicar a política unha atención casi primordial—sobre todo n-este intre—que nos asegure a posibilidade de conquistar trunfos. Como así é xá que dende que o Galeguismo comenzou a aitar políticamente pódese decir que abrangueu unha popularidade que lle compra.

Por riba de todo e como razonamento poderoso é deber noso confiar en nós mesmos sin a menor dúbida da pureza dos nosos sentimentos e da limpeza ideolóxica das nosas aituacións.

De cando en vez compre falar d-estas cousas. Sin outra intención que a de contribuir a aclarar dúbidas que alguén poida ter. O que hoxe decimos—argumentación craramente rudimentaria que poderíamos desenrolar máis ampriamente—pode non ter outro valor que unha fidelidade e constancia personal ao Galeguismo de moi perto de vinte anos sin intermitencias. Non será moito pero non tan pouco que non sexa nada.

VICTOR CASAS

Charamuscas

Outro máis que se vai. O señor Lerroux vai quedando soio. Xa casi non lle quedan máis que os que aínda pensan que poden acadar algún postño anque sexa a costa da claudicación na que o mesmo señor Lerroux é mestre consumado.

Agora foise o «batallador» Basilio Alvarez. E foise amostrando craramente, por si había algunha dúbida, que o Partido radical é algo incalificabel.

A este partido estáballe reservada a «groria» de levar a política hespañola a termos de relaxamento que endexamáis acadou.

As dereitas téñenlle un medo pavoroso as eleccións. Para tratar de xustificar ese medo din que non é momento agora para ir a unha consulta electoral xa que podería converterse n-unha guerra civil.

En troques non pensan o mesmo

O Duque meteuse a labrantín

(Ven da 3.ª páxina)

quén a traballe, e acabará coas lacras que en forma de renda, paga Galicia. Volveremos outra vegada as sociedades de agricultores, que noutros tempos tiveron un xesto de rebeldía, e outra vegada voltarán os nosos irmáns ao carce, por defender a súa liberdade. E preciso que se decaten os nosos traballadores, de que os ricos non son iles, sinon os probes. ¡Ai dos ricos o día que os probes, se decaten que os ricos son iles!

E posibre que iste día, ¡hastra cando lonxano? alboree, entón terán de acadar todas estas miserias en que se afunde o traballador do campo.

Istes aristócratas e non de espírito, son os mesmos que se afunden o esternon na misa de once, entrando por outra parte lanzan os seus colonos, que terán que ir mendigando un mendrugo de pan, pol-o mundo adiante. Non son relixiosos e si místicos sin fé. Por iso hoxe prégovos que non fagades caso do que vos diga o voso cura, canno vos diga de que votedes a Xil Robles, tan solo por un instinto conservador. Na futura vida social terán de sufrir unha fonda transformación. Aquiles tempos que como decía Renán, as feiras reunións para negocios e placeres eran festas relixiosas, as representacións escénicas misterios, os viaxes peregrinacións; e as guerras cruzadas non poden voltar xá endexamáis, aínda que o desexen eses espíritos fáciles que aprecian as cousas, non pol-a utilidade e si pol-o brillo.

AGUSTIN BALADRÓN.



cando din que hai que ir a revisión constitucional. E sinalan para dentro de pouco a posibilidade de que a consulta fágase con carácter revisionista.

A este xogo, indecoroso e grave, préstanse algúns que pol-a súa posición ou historia non podían nin debían facelo.

D. Basilio ¿para onde irá agora? Aos seus anos non coidamos que esteña disposto a repetir a súa aituación agraria. Está moi ligado a Madri.

Esa esterqueira, goio de cobras e niñal de sapos de que Cabanillas falou dirixíndose precisamente a Basilio.

Royo Vilanova adicou a Cambó úns piropos. Pero o señor Cambó non se enterou. Colabora n-esta política noxenta. A súa colaboración pode ser a demostración máis crara de como isto descomponse e non tardará en se desfacer.

O señor Cambó é «gafe». Non tardaremos en presenciar un novo, seguramente o derradeiro, fracaso da súa política oportunista. E no seu derrumbamento caerán envoltos todos cantos constituían este conglomerado que na súa agonía veu a ampriar o señor Cambó.

O seráfico señor Abad Conde «renunciou» a esa cátedra da Laguna. Non quere líos... despóis de que veu o chaparrón que lle viña enriba xá

A NOSA BANDEIRA

Azul

Os pinos, foguetes verdes;
das súas ponlas pendurado,
chora o ceo estremecido,
do gris inverno amayado.

Bianco

Os ledos regueiros
mozos e algareiros
van a romería
tocando os pandeiros.
Pandeiros de prata,
de breixas de neve,
vasos cristiños,
onde o día bebe.

Escudo

O cáliz do sol reverte
roxo sangue da serán.
Sete estrelas como pombas
que tornan ao seu pombal,
crucifican o silencio
arredor do Sant-Graal.

Luis Amado Carballo

que a cousa incruco iba ter estado parlamentario.

Con ser todo elo monstruoso aínda o é máis o feito de que o señor Rocha que—¿estades enterados?—é ministro Instrucción Pública diga que o señor Abad Conde «renunciou» en un emocionante rasgo de... ALTRUISMO.

Estas crías do señor Lerroux...

Calvo Sotelo protestou no Parlamento de que non se encargara a Xil Robles de formar Goberno. E téñ razón. Tanto andar con remilgos para que o día menos pensado... TODO EL PODER SEA PARA EL JEFE.

Porque antes de que este Parlamento acorde románticamente disolverse aínda poden ensaiarse un ou varios Gobernos cedistas. Eso da revisión constitucional... manda moita forza e non deixa de revoltear pol-as alturas.

Pero a D. Ale «o ensanchador» non lle di nada o feito de que Calvo Sotelo pida o Poder para Xil Robles. Que tan monárquico é un como o outro. Sigue impertérrito o seu plan.

Este intre en que caeu a política hespañola está pedindo a berros a aparición de un doctor Asuero. Soio fáltalle a Hespaña eso para que aparezza exaitadamente como nos tempos da dictadura.

Si os aituas direitores da política tiveran vista debían subvencionar a calquer médico rural para que inven-

tara un novo truco como o do trigémino.

Estaría a cousa moi axeitada para o momento e ademais lograrían que a opinión se distraxese para deixar o campo aínda máis libre do que está para toda crás de politiquerías.

Non todo é romanticismo. Si a don Basilio lle deran algo ou non fixeran subsecretario de Instrucción ao seu «amigo» ourensán Justo Villanueva—bon exemplar radical—¿D. Basilio marcharía do lerrouxismo?

AMARO DE VILAMELLE.

GALEGUISTA:

Podes contribuir extraordinariamente á difusión do noso Semanario e da súa laboura patriótica se despóis de o ler o deixas na barbeira, no café ou na sociedade a que adoites ir ou o reexpides a algún amigo.



Boletín de difusión de A NOSA TERRA

Boletín pra difusión de A NOSA TERRA

D. remite por xiro postal (ou en selos de correo) (1) a cantidade de pesetas, importe da subscripción a favor das persoas cujos nomes e direccións van ao pé, é as que o Semanario será remitido directamente pol-a Administración.

D. Dirección.
D. Id.
D. Id.

(1) Táchese o medio de remesa que se non utilice.